

REPSOL ABRIRÁ UNHA OFICINA EN SUEVOS PARA INFORMAR DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO AOS PROPIETARIOS

- **O obxectivo será informar aos propietarios dos terreos polos que discorrerá o poliducto, de todos os trámites necesarios para acudir ao posterior levantamento das actas previas de expropiación.**
- **A oficina de atención informativa estará aberta do 28 de agosto ao 7 de setembro, en horario de mañá e tarde, nun espazo cedido dentro do local social do club de fútbol de Suevos, na Travesía de Suevos, 219 (Arteixo).**
- **A Consellería de Industria fixou o levantamento das actas do 10 ao 14 de setembro e será no único momento no que se procederá á determinación do valor dos bens e ao ofrecemento de pago.**
- **Repsol reitera a súa intención de chegar a un acordo cos propietarios das leiras no levantamento das actas.**

O próximo martes 28 de agosto, Repsol abrirá en Suevos unha oficina de atención informativa aos propietarios dos terreos polos que discorrerá o poliducto que conectará a refinería da Coruña co Porto Exterior. O obxectivo desta oficina será exclusivamente resolver as dúbidas e informar os propietarios de todos os trámites necesarios para que poidan acudir con toda a documentación correcta ao levantamento das actas previas de expropiación.

A oficina estará situada dentro do local social do club de fútbol de Suevos e permanecerá aberta ata o 7 de setembro, de luns a venres, en horario de mañá de 9:00 a 14:00 horas, e pola tarde de 16:00 a 20:00 horas. Repsol contará na oficina coa colaboración da empresa Cyvacsa, expertos en tramitación expropiatoria. Ademais, a oficina dispón dun teléfono 689 162 099, que facilitará información básica do proceso expropiatorio.

Repsol abre unha nova canle de atención para axudar e facilitar aos propietarios toda a información previa necesaria antes de que acudan ao levantamento de actas. Estas xa foron fixadas pola Consellería de Industria os días 10, 11 e 12 de setembro nas oficinas do Concello de Arteixo e no centro cívico coruñés da Silva os días 13 e 14 de setembro. Nestas reunións cos propietarios, nas que estarán representantes da Administración, Concello e Repsol, será no único momento no que se procederá á determinación do valor dos bens e dereitos afectados e ao ofrecemento de pago.

A compañía reiterou publicamente que nesas reunións ten a intención de chegar a un acordo cos propietarios das leiras polas que discorre o trazado do poliducto.

Tras a finalización do trámite expropiatorio e a concesión de licéncias pertinentes xa solicitadas aos Concellos de Arteixo e A Coruña, poderase iniciar os procedementos de obra de construción do poliducto. No marco do proxecto de traslado ao Porto Exterior, a construción do poliducto leva un orzamento de 80 millóns de euros, que sumados á construción do pantalán e ao resto de obras do proxecto, supoñerá un investimento total de 126 millóns de euros.